

Asamblea extraordinaria de 29 de decembro do 2007

Hora: 19,00 1ª Convocatoria.
19,30 2ª Convocatoria.

Lugar: Avda. de Galicia, s/n. (antiga Comandancia de Mariña)
Cambados

ORDE DO DÍA:

Elección da nova Xunta Directiva

Comeza a Asamblea ás 19,45 en segunda convocatoria, con retraso motivado pola duración da asemblea ordinaria..

A mesa que preside a Asamblea está formada polos seguintes membros da Xunta Directiva:

Presidente: Fernando Piñeiro Oubiña.

Vice-Pres. 1º Francisco Fernandez Rei

Vice-Pres. 2º João Paulo Moreira Batista

Tesoureiro Javier Moraña Fontán

Secretario Uxío Allo García

Asiste representación das seguintes asociacións membros da FGCMF:

asistentes

Tamén están representadas as seguintes asociacións colaboradoras:

1. Clube Mariño Salnés, 2 Barcos do Norte

O presidente Fernando Piñeiro expón que non se presentou en prazo ningunha candidatura á Xunta Directiva da FGCMF e que, despois de realizar consultas previas con diferentes persoas e tendo en conta algún candidato que se postulou, propón os seguintes membros para formar parte da futura Xunta Directiva:

1. Fernando Fernández, de Amigos das Embarcacións Tradicionais da Coruña.

2. Lino Prieto, de Dorna Meca do Grove.

3. Antón Pais, de Os Galos de Bueu

4. Braulio Puga e/ou Víctor Fernández, de Mariñeiros de Bouzas.

5. Xaquín Lores, de Etnográfico Mascato

6. Uxío Allo, de Dorna da Illa da Arousa

7. Fernando Piñeiro, de Calmoseira de Cambados

O xa Presidente en funcións indica que Uxío Allo e el mesmo só estarán na Xunta Directiva ata despois do evento de Brest de xullo do 2008. Por asentimento unánime apróbase a elección da nova Xunta Directiva, quedando pendente a decisión de Mariñeiros de Bouzas de decidir se Braulio (presente) e Víctor (ausente) pasan a ser os dous membros da Xunta Directiva ou soamente un deles.

Antes de fechar a asemblea, o Presidente en funcións Fernando Piñeiro pide que conste en acta o seu sincero agradecemento ós membros da Directiva saínte cos que se embarcou na travesía de dous anos que no día de hoxe remataba: os vicepresidentes Paco Fernández Rei e João Baptista, os vogais Manuel Alonso Varela, Osvaldo Davila e Arturo Loureiro Fernández, o tesoureiro Javucho Moraña e o tesoureiro Uxío Allo.

O secretario en funcións Uxío Allo anima a que a xente se postule para formar parte da Directiva, porque nela están case sempre os mesmos, polo que é moi necesario rotar e traer novas ideas para que a Federación non se estanque.

Braulio Puga di que a Federación medrou de tal xeito que non pode seguir funcionando como ata agora.

João manifesta que a duración mínima dunha Xunta Directiva deberían ser tres anos, á vez que sinala que é fundamental contar cunha sede física propia e que o obxectivo primordial da nova Xunta debería ser buscar esa sede, porque a FGCMF é un referente a nivel europeo pero non se pode recibir a ninguén por carecer de sede.

Seguen diversas intervencións; e Lino Prieto, Presidente de Dorna Meca e proposto por Fernando para formar parte da nova Directiva, di que o ideal non é poñer presidentes de asociacións nunha Directiva, á vez que cuestiona a vitalidade do "tecido asociativo" da Federación da que se falou no "remuíño de ideas" que acababa de ter lugar.

-E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a asemblea ás 20, 35h

Cambados, 29 de marzo do 2007

O Secretario:
Uxío Allo García

Vº e Pr.

O Presidente:
Fernando Piñeiro Oubiña.